

# **Creación**

## **Poesía**

**Xosé Luís MÉNDEZ FERRÍN**

Rubimos aos esgrevios cumes do rudo inverno.  
Era todo de lazo nos abismos do soño.  
Aló abriuse a montaña en bocexo de pedra.

Pasamos para Alén: as neves avesías  
foron neves de antano. Cantou a paxarada  
no latín dos arghinas con peteiro dourado.  
Lambeunos unha vaca torta e o seu calor  
encheu de vidros rotos a fondura dos ventres.  
Naquel verxeu as mans foron más ben recíprocas.  
Detivérонse os astros, o Universo paírou.

Todo isto é mentira. As portas xiratorias  
volvérónse ao vale no que o corvo arrevoa.  
Segue o frío na alma *unde lüge ich iu daz*.  
Na miña lingua sinto que se enrosca unha serpe.



**Lucía ALDAO**

Aquí me tes.

Chégoche en taxi (iso é amor)  
a plantar a miña tenda de campaña no teu pazo,  
a roubarche corazón e cama  
na túa casa de múltiples amantes y frágiles cerraduras.  
Veño con caixas cheas de paciencia  
e con camións cheos de caricias  
e buques a rebentar de medo...  
e coa seguridade de non ser un máis  
porque son unha (uf...)  
o cal resulta moi simpático se non temos en conta  
que temos tantos problemas coma "tequieros",  
pero eu ámote (iso é amor) a pesares do teu gen rabudo,  
porque xa me gustaches sempre  
e agora non ía ser menos,  
porque aplaudes a miña estrutura ósea  
e o ángulo que se me forma co nariz e a boca.  
Fasme guapísima.  
Quérote polo teu corpo e porque atada a ti  
aprendo cousas boas de xente libre.  
Que contradición.  
—Que facemos, king-kogciña...  
non se erguen rañaceos a base de bicos.



**Francesc COIMBRA**

**A Faísca**

No océano infindo  
brillou unha faísca,  
un lume no abismo;  
talvez produto  
da visión dun naufrago,  
do luar enriba da vaga,  
da prata dun peixe erradío.  
Brillou un intre...  
...pero mudou todo.



**O mar do soño**

Sei que nas noites que ti me envías  
altos, durmidos barcos en pixama,  
para que eu soñe ao rapaz  
sen beiras que fuches.

Porque segues calando  
ante todo o ceo sen ás  
e sen escumas e case sen mar.  
Porque o único peirao  
é a noite da auga.  
E só eu canto, ai!,  
espida de azul e espida de ondas.

E tropezo cos teus grandes barcos -case brisa-  
nas angostas praias da noite.  
Ti aquí: horizontal e case amado.  
Aquí, na beira das pálidas buguinas  
segues enviando os teus nocturnos barcos...

E... Por que se estás aquí, sempre, sempre,  
seguen vindo  
desde o outro silencio do mar?

*(De Culpable de milagres.  
Traducción de Pura Salceda)*

**Ti**

Alguén apértame dende o outro lado,  
beira clausurada da noite,  
e non es ti.  
Pero ten o aroma  
sen tregua da túa orixe,  
coa súa boca de céspede sobre min.

Bosques de só néboa  
precédenlle entre a miña noite,  
e as súas mans non son só as súas mans,  
e non es -e si es- ti.

(*De Culpable de milagres.*  
Traducción de Pura Salceda)

### **Acertando nas cereixas**

O país da chuvia  
áinda me segue a chamar  
en cada día que se precipita  
sobre a sombra permanente dos soños,  
-horizontal espera da miña alma-.

E lanza a súa paragóxica luz  
desde as néboas que se apartan  
inventando de súpeto un escenario novo.

Quixerá volver pero áinda non é o tempo  
máis propicio e azul  
para acertar nas cereixas,  
instantáneas ofrendas case que de amor  
na verticalidade dos teus montes.

*(De Culpable de milagres.  
Traducción de Pura Salceda)*



**Masan\*, meu amor mariñeiro**

En Masan hai cadeiras mortas,  
e o vento é unha leoa silandeira.  
Na noite constelada de crustáceos,  
latexan os néons) de luces)) mestas)))  
embebédanse e choran as sereas  
en luxuriosas danzas de Monzón.

En Masan o tempo é un caranguexo;  
os caranguexos, reloxios de humidade  
e os poros súan sal na carne núa.  
Bebo un café de instantáneas saudades,  
ollando fotos, boias do esquecemento  
a flotar como mágoas en flor.

Masan, cos seus ollos de alecrín,  
chama por míñ entre loxas e táxis,  
no mercado ateigado de voces,  
de peixes como serpes, de raíces,  
de luras secas e un luar que molla.

Ventre de arroz cocido! Eu adormezo  
entre as algas de seda do silencio  
tras as máscaras do lusco-fusco,  
na praia picante que o mar agarima.

---

\* Masan: cidade portuária da Coreia do Sul.



**Begoña REGUEIRO**

Vas enchendo de buracos negros  
o espazo das estrelas,  
tapando con nubes preñadas  
os recunchos furtivos que filtraban  
as raiolas tamizadas  
para enganar a realidade da tormenta.

Vas deixando o cadro sen focos de luz,  
os ollos pechos  
para apagar o brillo das pupilas.

Sopraches xa cada unha das velas.

Por que me levas tamén a memoria?

## Deserto

E que máis dá. A vida é así; e basta.  
Ceo negro e chan imantado en dunas de asfalto.  
E que máis dá se o vento proe nos pulmóns; se é demasiado denso.  
Que máis dá se doe nos ollos ou proe nas meixelas a rabexa contida dos séculos.  
Que máis dá que todo quede lonxe e fóra ao outro lado do mundo e dos meus dedos.  
Que máis dá que o berro se me instale na gorxa e a anguria faga o seu reino nas miñas costelas.  
Que importa que as túas costas queden lonxe...  
Se eu xa non teño voz para chamarte; nin alento que me lembre que estou viva.

\*\*\*

## Marzo

É imposible crear un mundo novo mentres todo teña o nome que ti e mais eu lle puxemos.  
É a forma de ver as cousas, o xeito de nomealas.  
É a creación do mundo a que cae agora que non estás.